

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A programación didáctica do Proxecto Competencial de 6º de EP do CEIP de Ponzos do curso 2022/2023 está redactada conforme ao establecido no artigo 15.2. do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo de toda a etapa partírase do desenvolvemento cognitivo e emocional do alumnado, achegándoo ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, da procura de información de diferentes fontes seguras e fiables favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

A programación de 6º de E. Primaria realízase no contexto educativo do CEIP de Ponzos, un centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes que nos permiten aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta dita contorna. Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os bloques de contidos. Este centro é de liña un, é dicir, ten 12 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 9 unidades de educación primaria. No CEIP Ponzos a lingua predominante é o castelán. O centro é de xornada única de 09:00 a 14:00 horas, deixando as horas da tarde para actividades extraescolares. Tanto nas instalacións, como na organización e funcionamento do centro, séguese o establecido na lexislación vixente, respecta os acordos recollidos no Proxecto Educativo do centro e as directrices da CCP para a súa elaboración.

Neste curso 2023-2024, o grupo de 6º curso está formado por dúas aulas, cun total de 31 alumnos e alumnas, continuando co desdobre do 5º curso. No grupo de 6º A, hai 16 alumnos, e no de 6º B 15. Destacar a repetición dun alumno no grupo de 6º A e a incorporación de 2 alumnos novos ao grupo de 6º B, así como a marcha de dous de eles. Neste grupo tamén hai un alumno que ten unha ACI, xa que presenta unha discapacidade auditiva. Polo tanto mantense unha adecuada comunicación co DO do centro, especialmente para coordinar as intervencións específicas do profesorado de apoio co alumnado que o precise. Mais a pesar de atopar diferentes ritmos de aprendizaxe, todos poderán traballar os elementos curriculares de 6º curso. Destácase unha importante vinculación e comunicación coas familias do alumnado, para facelos partícipes de todo o proceso educativo dos seus fillos/as. Con esta participación, lógrase unha importante colaboración das familias co centro no desenrolo do proceso de E-A do alumnado.

O grupo de 6º A é un grupo heteroxéneo que conta con nenos e nenas con diferente ritmo de traballo e de ritmo de aprendizaxe. Cómpre destacar a saída da aula de dous nenos tres días á semana para traballar contido realcionado coas áreas instrumentais. No caso concreto de 6º B trátase dun grupo bastante homoxéneo, aínda que hai alumnos que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.

Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Melloramos o noso cole: Unha nova Ludoteca.	Detección de necesidades para mellorar o noso cole, en concreto a nosa ludoteca.	30	12	X		
2	Ordenamos a nosa Ludoteca.	Dotamos a Ludoteca de xooos novos e aproveitamos o que temos.	40	13		X	
3	Como vai funcionar a Ludoteca!	Preparamos todo para que funcioe o ellor posible.	30	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Melloramos o noso cole: Unha nova Ludoteca.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da participación.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para as distintas fases do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Ordenamos a nosa Ludoteca.	13

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Como vai funcionar a Ludoteca!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as distintas propostas.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Melloramso o noso cole"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto. Nas primeiras semanas deberán facer unha detección de necesidades da Ludoteca do cole para elaborar unha proposta de execución dun proxecto. Deberán detectar deficiencias e aspectos que se poden mellorar no seu funcionamento.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, deberán indagar para dotar a Ludoteca cos xogos axeitados. Utilar os que xa temos e ver cales poden ser engadidos.

Comprenderán o proceso e elaborarán documentos co obxecto de presentar a súa proposta.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, as súas propostas de funcionamento da Ludoteca.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula.
Ordenadores.

Todo material estará ao alcance dos alumnos/as, permitiéndolles o acceso a diferentes obxectos e materiais para estimular a súa propia aprendizaxe significativa. Deste xeito, ademais de facilitar o proceso de aprendizaxe, teremos presente a dotación de normas referidas ao coidado deste material e da súa organización. Os alumnos precisarán para o desenvolvemento do traballo materiais como: carpeta da aula e da mochila, clasificador común no que se incluírán todas as áreas, un estoxo pequeno para quedar na aula cos materiais necesarios para o traballo diario, ordenadores xa que traballaremos dentro do programa de Edixgal, material necesario para xeometría, calculadora e destacar ao mesmo tempo a importancia do uso da biblioteca de aula. Este curso seguiremos as normas establecidas nos plans do centro para levar a cabo unha adecuada desinfección dos materiais.

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario, pero de maneira que non supoña un elemento distractor cando non se precise.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por os profesionais do centro educativo, principalmete o profesorado titor, ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, lixas, ferramentas, barnices, pinturas...),

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets.

**RECURSOS DIXITAIS:** entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

As primeiras sesións desenvolveranse na aula habitual, convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres cos necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na Ludoteca e o pavillón onde os grupos realizarán os traballos correspondentes e comezarán a facer as súas propostas e tarefas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información correspondente e a proposta de proxecto.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Información recompilada sobre os distintos aspectos traballados nesta avaliación.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e difusión da proposta.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota da dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura		X	
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital		X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

### Observacións:

A área de Proxecto Competencial integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.			X

### Observacións:

Presentación e difusión mediática da proposta.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## 9. Outros apartados